



RECOMENDACIÓN 2/2011, SOBRE A INCLUSIÓN DA PRESENTACIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS NAS CLÁUSULAS QUE REGULAN O RÉXIME DE PAGAMENTOS NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

Durante o ano 2010 publicáronse, en relación coa facturación electrónica, sendas normas que regulan a súa implantación no sector público autonómico galego: o Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes, e a Orde de 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia.

A implantación de medios electrónicos no ámbito da facturación e a contratación pública enmárcase no impulso que, ao respecto, dá a Unión Europea a través de sucesivos plans de acción sobre a contratación electrónica e da propia normativa comunitaria en materia contractual a través das Directivas 2004/17/CE e 2004/18 CE.

Tamén no ámbito estatal constátase o interese en implementar a facturación electrónica como un dereito dos cidadáns que redundará na simplificación de trámites e unha redución de custos de xestión, en concreto, a través das leis 30/2007 e 31/2007 que regulan a contratación do sector público e dos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, respectivamente, e, como normas de alcance máis xeral, a través da Lei 56/2007, de medidas de impulso da Sociedade da Información ou da Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Dende a publicación da normativa autonómica implantouse o uso do Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia en todas as consellerías e boa parte dos organismos do sector público, alcanzando en poucos meses uns niveis de aceptación que supoñen na actualidade a tramitación por este sistema do 28% do total das facturas presentadas e o alta de 2.859 empresas rexistradas na plataforma.



A teor do artigo 67.2 ñ) do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán conter, con carácter xeral para todos os contratos, unha referencia ao réxime de pagamentos.

Co fin de garantir entre os contratistas un preciso coñecemento do novo sistema de facturación e promover o seu uso, a Xunta Consultiva de contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia adoptou, en sesión de 7 de abril de 2011 o seguinte acordo:

Aprobar, como Recomendación, as especificacións contidas no seguinte documento:

RECOMENDACIÓN 2/2011, SOBRE A INCLUSIÓN DA PRESENTACIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS NAS CLÁUSULAS QUE REGULAN O RÉXIME DE PAGAMENTOS NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

1º.- Á vista do disposto no artigo 15 do Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, que regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes, e na Orde de 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia, recoméndase aos órganos de contratación o seguinte:

- nos pregos de cláusulas administrativas particulares, nas relativas ao réxime de pagamentos, engadirase unha cláusula na que se sinale como sistema preferente de presentación das facturas o Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia.

- no texto indicaranse as direccións de internet (URL) a través das que se poderá acceder ao sistema electrónico de facturación: <http://conselleriadefacenda.es/factura> o <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>



2º.- Recoméndase a redacción do texto segundo o seguinte MODELO DE CLAUSULA:

XX FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electrónicamente no RD 1496/2003 que aproba o regulamento sobre as obrigas de facturación, coa periodicidade e forma establecida na cláusula referida ao réxime de pagamentos, as facturas emitidas presentaranse, preferentemente, en formato electrónico a través do *Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia* regulado na Orde de 12 de febreiro de 2010 (DOG nº 31, 16/2/2010).

O acceso ao sistema de facturación electrónica e á información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> o <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

2º.- Así mesmo, transcorrido un ano dende a implantación do sistema, ao amparo do previsto nos artigos 27.6 da Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010 que regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, este órgano insta á Consellería de Facenda a elaborar as disposicións normativas oportunas en orde a modificar o carácter opcional da presentación de facturas en formato electrónico á vista das cifras de evolución ascendente da súa aceptación e considerando que os contratistas do sector público constitúen un colectivo que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, ten acceso e dispoñibilidade aos medios tecnolóxicos precisos para asumir tal medida.
